

ACTA (MINUTA-BORRADOR)

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2018/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Urxente Motivo: «URXENTE NECESIDADE DE ADOPCIÓN DE ACORDO EN RELACIÓN COS ASUNTOS INCLUÍDOS E IMPOSIBILIDADE MATERIAL DE CONVOCATORIA EN TEMPO E FORMA»
Data	30 de outubro de 2018
Duración	Desde as 21:03 ata as 21:39 horas
Lugar	SALÓN DE SESIÓNS
Presidida por	FÁTIMA ABAL ROMA
Secretario	EVA MARÍA CASAL SANJURJO

ASISTENTES

PSOE: D^a. Fátima Abal Roma; D. Miguel Pérez Osorio; D^a. Milagros Martínez Piñeiro.

BNG: D^a. M^a. Josefa Cacabelos Domínguez; D^a. M^a. Teresa Prado Cores; D. Víctor Manuel Caamaño Rivas.

Somos Cambados: D. Xurxo Charlín Trigo; D. Constantino Cordal Rodríguez.

Cambados Pode: D. José Ramón Abal Varela.

PP: D. Luís Aragunde Aragunde; D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo; D. Juan Ramiro Gómez Blanco; D. Fabián Domínguez González.

Escusa a súa ausencia, por motivos persoais, D. Eulogio Pomares Botana, D^a Isabel Varela Piñeiro e D^a Ana Isabel Oubiña Santos.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinte e unha horas e tres minutos do día **30 de outubro de 2018**, reúnense os concelleiros mencionados anteriormente, co obxecto de celebrar sesión pública extraordinaria urxente do Pleno Municipal, en primeira convocatoria, para tratar os asuntos incluídos na orde do día, baixo a presidencia da Sra. Alcadesa e asistidos pola Sra. Secretaria, que da fe do acto.

Unha vez verificada pola Sra. Secretaria a válida constitución do órgano, a Sra. Presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Unha vez reunido o Pleno da Corporación Municipal para a celebración da convocatoria extraordinaria urxente, procédese coa votación da ratificación da urxencia da sesión, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 4 (PP)

Abstencións: 0

Con nove votos a favor e catro en contra, queda **aprobada a ratificación da urxencia.**

A Sra. Secretaria fai constar na acta que, por vontade propia, os catro concelleiros do grupo municipal Partido Popular asistentes á sesión extraordinaria renuncian ao cobro das asistencias a este Pleno, e así llo comunicará a Intervención.

EXPTE. 4698/2018.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA DE D. LUÍS ALBERTO SERANTES GONZÁLEZ AO CARGO DE CONCELLEIRO, DECLARACIÓN DE VACANTE E SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DO SUBSTITUTO POLA XUNTA ELECTORAL.

A Sra. Secretaria da conta do escrito de renuncia ao cargo de concelleiro presentado por don Luís Alberto Serantes González, con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC 6677 do 26/10/2018, que consta no expediente administrativo, e que se transcribe textualmente a continuación:

“D. Alberto Serante González, con DNI núm. 35473990D, concelleiro da Corporación Municipal de Cambados, electo pola lista do Partido Popular de Cambados nas eleccións municipais do 24 de maio de 2015, ante a Corporación Municipal do Concello de Cambados EXPÓN:

Que por motivos persoais e laborais, que me impiden atender os deberes propios do cargo de concelleiro coa dedicación que tal responsabilidade conleva, véxome no deber de presentar a miña renuncia ao cargo de concelleiro, o que comunico á Corporación Municipal, aos efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, co fin de que se proceda a substitución mediante candidatos seguintes da lista pola que fun elixido.”

Polo tanto, o Pleno Corporativo, á vista do escrito de renuncia ao cargo de concelleiro presentado por don Luís Alberto Serantes González con Rexistro de Entrada núm. 2018-E-RC-6677 do 26/10/2018, toma coñecemento da súa renuncia que se fai efectiva neste momento; para que se traslade certificado á Xunta Electoral Central aos efectos previstos no artigo 185.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

D. Luís Aragunde Aragunde, comunica á Corporación Municipal que o seguinte na lista tamén renuncia ao cargo de concelleiro, debido á imposibilidade de desenrolar as actividades propias do cargo, e que o fará efectivo no día de mañá.

EXPTE. 3819/2018 - MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA_SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2018 CON CARGO AO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.-

A Sra. Secretaria da conta do escrito de proposta de modificación orzamentaria, que se transcribe textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Informe de Intervención sobre a aplicación do superávit 2017, emitido con data 08/10/2018, segundo o cal o superávit orzamentario resultante da liquidación 2017 debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, a través do remanente de tesouraría para gastos xerais.

Visto que, para poder proceder á aplicación do superávit orzamentario a atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, tramitouse expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Considerando que, co obxecto de dar cumprimento á Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, faise precisa a tramitación dunha modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, para dotar o crédito necesario para o recoñecemento extraxudicial de créditos n. 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Visto que por Providencia da Alcaldía de data 09/10/2018 incoouse expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- para a aplicación do superávit 2017, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 126.431,80 €.

Considerando que con data 09/10/2018, emitiuse informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía.

Considerando que se cumpren os requisitos para a aplicación do superávit a través do remanente de tesourería aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e realizada a tramitación legalmente establecida, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito -n. 01/2018- para a aplicación do superávit 2017, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, por importe total de 126.431,80 €.*

O resumo das aplicacións orzamentarias ás que se destinará o superávit orzamentario e que suporá un incremento nas aplicacións xa existentes, será o seguinte:

(...) Total modificación orzamentaria: 126.431,80 € (...).

SEGUNDO. *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

TERCEIRO. *O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

CUARTO. *Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.”*

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Xurxo Charlín Trigo, como concelleiro de Economía e Facenda e voceiro do grupo municipal Somos Cambados, para expor o seguinte:

“O Goberno local de Cambados saldou as contas correspondentes ao exercicio 2017 cun superávit de 207.667,37 euros, segundo o resultado da Conta Xeral, presentando un remanente de

tesouraría que ascende a 126.436,75 euros, cumprindo desta maneira coa estabilidade orzamentaria.

A lexislación vixente no tócate a aplicación do superávit das contas publicas e moi estrita, motivo polo que, só en caso de cumprir unha serie de parámetros económicos, os Concellos poden destinar estes fondos a gastos xerais; ademais de que o importe do superávit aplicable será o menor entre o superávit orzamentario calculado segundo os criterios de contabilidade nacional ou, se fose menor, o Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais, sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit, o que supón a posibilidade de aplicar a gastos xerais 126.436,75 € do remanente de tesouraría do exercicio 2017.

O concello de Cambados presenta un Remanente de Tesouraría para Gastos Xerais axustado, positivo na liquidación do exercicio 2017. Por outra banda o capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2017, polos préstamos concertados e vixentes, segundo se desprende dos Estados financeiros ascende a 1.266.327,52 euros, que supón un 14,29 % dos dereitos recoñecidos netos por operacións correntes, non superando o límite do 110% establecido. Por ultimo, o período medio de pago a provedores non supera o límite legal previsto na normativa de morosidade (30 días), sendo o dato de Cambados a 31 de decembro de 2017 de 22 días. Motivo polo que, o Concello de Cambados, cumpre cos requisitos establecidos na Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para a aplicación do superávit a través do remanente de tesouraría aos destinos alternativos da Disposición Adicional Sexta.

Por outra banda a pesares de reducir a morosidade de forma moi salientable nesta lexislatura, a día de hoxe inda existen gastos pendentes de aplicación correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, na meirande parte facturas correspondentes a subministracións de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenrolo dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, pero que foron rexistradas as facturas no exercicio 2018, e polo tanto non se podían aboar neste exercicio con cargo ao presente orzamento, polo principio de anualidade orzamentaria.

O Concello de Cambados, a vista destes datos, decidiu destinar o saldo do remanente de tesouraría do pasado exercicio, a continuar reducindo a morosidade, facendo fronte as facturas pendentes de pago e así, reducir máis aínda se cabe, o endebedamento do Concello de Cambados, e desta maneira seguir reducindo a morosidade a través da xestión eficiente dos recursos municipais.”

Comenta **D. Xurxo Charlín Trigo**, que no expediente 3819/2018 inclúese o informe de intervención coa indicación do superávit do exercicio 2017, e no mesmo establécese a necesidade de destinar este superávit a saldar as contas pendentes do ano 2017, facendo referencia a algúns fragmentos deste informe a continuación:

“(…) En cumprimento do establecido no artigo 32 e a Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOF) e conforme co disposto no art. 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no art. 37.3 RD 500/1990, do 20 de abril e o ordenado pola Alcaldesa-Presidenta, emítese o presente informe en relación co expediente de suplemento de créditos 01/2018 para a aplicación do superávit orzamentario a través do remanente de tesouraría para gastos xerais (...)

(...)PRIMEIRO.- Segundo Informe emitido por esta Intervención sobre a aplicación do superávit 2017, emitido con data 08/10/2018, o superávit orzamentario resultante da liquidación 2017 debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, a través do remanente de tesouraría para gastos xerais, que ascende a 126.436,75 €.

Co obxecto de dar cumprimento á Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, iniciouse pola Alcaldía expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito -n.º 01/2018- con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais (Aplicación orzamentaria 87000).

SEGUNDO.- A modificación de crédito proposta axústase ao disposto no artigo 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Así mesmo, axústase ao disposto nas Bases de execución do orzamento:

“BASE 7.- MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS. NORMAS COMÚNS (...)

(...) BASE 8.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO (...)

(...) **TERCEIRO.-** A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

(...) o Ministerio de Facenda considera que é admisible a tramitación dos expedientes de modificación orzamentaria atendendo ás normas exclusivamente orzamentarias (...)

(...) a modificación proposta, a pesar de que supón o financiamento de gastos de carácter non financeiro (capítulos 1 a 7) con recursos de carácter financeiro (capítulo 8), non vai xerar maior déficit nin aumento do gasto computable.(...)

CUARTO.- A competencia para aprobar os expedientes de suplementos de crédito corresponde ao Concello Pleno con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos, conforme co disposto no art. 177.2 TRLFL e arts. 37 e 38 RD 500/1990, do 20 de abril. Non atopándose previsto ningún quórum especial para a aprobación destes expedientes de modificación de créditos será suficiente a maioría simple de votos a favor (Art. 47 LRBRL).

Tanto contra a desestimación de posibles reclamacións como contra a aprobación definitiva da modificación, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, aínda que este non suspenderá por si só a aplicación do suplemento de crédito.

De acordo co previsto no art. 169.7 TRLHL, unha copia do Orzamento e de todas as súas modificacións debe estar a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva e ata a finalización do exercicio.

QUINTO.- De acordo coa información dispoñible e considerando que a modificación de crédito proposta cumpre co establecido na normativa vixente, o expediente infórmase favorablemente.”

Segue a súa intervención D. Xunrxo Charlín Trigo, explicando que o propio legislador consciente da existencia desta actuacións irregulares, pero en calquera caso necesarias pola prestación de servizos indispensables, concentra a imputación dos citados gastos ao orzamento corrente, aplicando o principio de nulidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos; explica que as facturas pendentes, na meirande parte son de Gas Natural, Telefonía e pequenos abastecementos, se ben outras teñen reparo de Intervención e fai un breve resumo das facturas e tipoloxía das mesmas, explicando que algunhas son do ano 2017 e outras xa entraron no ano 2018.

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, e recalca que xa deron os seu argumentos no anterior Pleno e que seguen estando en contra da aprobación desta modificación de crédito.

Non habendo máis intervencións, procédese coa votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 4 (PP)

Abstencións: 0

Sometido o asunto a votación, O Pleno da Corporación Municipal **aproba o acordo de modificación orzamentaria-suplemento de crédito 01/2018 con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais**, por **maioría** dos membros presentes na sesión plenaria.

EXPTE. 3819/2018 - RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 04/2018_ CONTA 413_APLICACIÓN SUPERÁVIT 2017

A Sra. Secretaria da conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio celebrada o día 18 de outubro de 2018, que ditaminou favorablemente a seguinte proposta que cita textualmente o seguinte:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o Informe de Intervención sobre a aplicación do superávit 2017, emitido con data 08/10/2018, segundo o cal o superávit orzamentario resultante da liquidación 2017 debe destinarse a atender as obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, a través do remanente de tesouraría para gastos xerais.

Considerando que, para poder proceder á aplicación do superávit orzamentario a atender obrigacións pendentes de aplicar ao orzamento correspondentes ao exercicio 2017 e contabilizados na conta 413, debe tramitarse expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, polo importe máximo do remanente de tesouraría para gastos xerais que ascende a 126.436,75 €.

Visto o expediente tramitado para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos n.º 4/2018, por un importe total de 126.431,80 €.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto, de data 09/10/2018.

Considerando que o Concello está obrigado ao pago dos gastos que figuran na conta 413, previa imputación dos mesmos ao orzamento municipal. O propio lexislador consciente da existencia destas actuacións «irregulares» pero, en calquera caso, necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao orzamento corrente, imputación en principio prohibida polo principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo dos terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa desta; considerando igualmente a efectiva prestación dos servizos e subministración de bens por parte dos terceiros acredores e constando factura ou documento xustificativo acreditativo de cada un dos gastos.

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- *Levantar o reparo emitido pola Intervención municipal no seu informe de data 9 de outubro de 2018 (Reparo n. 42/2018), en base aos argumentos recollidos na parte expositiva deste acordo.*

SEGUNDO.- *Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos n.º. 4/2018 por importe total de 126.431,80 €, segundo a relación que se recolle a continuación, e a imputación dos gastos ás aplicacións orzamentarias que se indican:*

(...)O importe total do recoñecemento extraxudicial de créditos é de 126.431,80 €.

TERCEIRO.- *Condicionar a aplicación dos anteditos gastos ao orzamento do exercicio corrente á entrada en vigor da modificación orzamentaria tramitada ao obxecto de dotar o crédito necesario e, polo tanto, á efectiva existencia de crédito adecuado e suficiente.*

CUARTO.- *Comunicar o presente Acordo a Intervención, para os efectos de rexistrar os correspondentes apuntamentos contables.”*

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén **D. Xurxo Charlín Trigo**, concelleiro de Facenda, para indicar que este expediente está vinculado ao anterior, pois ao non haber crédito dispoñible para o pago das facturas do ano 2017 é

necesario a aprobación dun suplemento de crédito no exercicio 2018, e logo aprobar un recoñecemento extraxudicial de créditos, indicando ao mesmo tempo que a relación de facturas pendentes están indicadas na proposta de acordo que consta no expediente.

A Sra. Alcaldesa concede quenda a **D. Luís Aragunde Aragunde**, voceiro do Partido Popular, que se remite ao expresado no Pleno celebrado anteriormente.

Non habendo máis intervencións, procédese coa votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 4 (PP)

Abstencións: 0

O Pleno da Corporación Municipal **aproba o acordo de recoñecemento extraxudicial de créditos 4/2018_conta 413_aplicación superávit 2017**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria.

EXPTE. 4513/2018.- TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 06/2018 - INCREMENTO RETRIBUCIÓN PERSOAL LPGE 2018 CO FONDO DE CONTINXENCIA.

A Sra. Secretaria procede coa lectura da proposta de alcaldía, que se transcribe textualmente a continuación:

“Visto que, de acordo co disposto no artigo 18. DOS da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (LPGE-2018) e o Acordo do Consello de Ministros de 13 de xullo de 2018, as retribucións do persoal ao servizo do sector público poderán experimentar un incremento máximo do 1,5 por cento respecto ás vixentes ao 31 de decembro de 2017, ao que se engade, con efectos do 1 de xullo de 2018, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

Considerando que, co fin de atender os gastos derivados dos incrementos retributivos autorizados pola LPGE-2018, faise necesario incrementar o crédito das correspondentes aplicacións orzamentarias do capítulo 1 por un importe total de 62.209,15 €.

Considerando que no Orzamento municipal aprobado para o exercicio 2018, co fin de recoller posibles incrementos nas retribucións que dispuxese a LPGE-2018, consignouse crédito suficiente no capítulo V de gastos, do Fondo de Continxencia, para financiar as futuras modificacións no capítulo I de gastos de persoal.

Visto que conforme co previsto na Base 10ª das Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2018 e co disposto nos arts. 179 e 180 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais así como nos arts. 40, 41 e 42 RD 500/1990, do 20 de abril, mediante Providencia de Alcaldía de data 16/10/2018 incoouse expediente de modificación orzamentaria baixo a modalidade de transferencia de créditos co número 06/2018.

Visto o informe da Interventora Municipal emitido con data 17/10/2018.

Considerando que se cumpren os requisitos para a aprobación da transferencia de créditos número 06/2018 e realizada a tramitación legalmente establecida, esta Presidencia propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos baixo a modalidade de transferencia de créditos de distinta área de gasto co número 06/2018, como segue a continuación:*

Remítese ao que figura na proposta na relación de cada unha das partidas de persoal:

- **Total aumentos en aplicacións de gastos: 62.209,15 €**
- **Total diminucións en aplicacións de gastos**
 - **Capítulo 5, Fondo de continxencia de execución orzamentaria:**
 - **Créditos iniciais: 67.869,50 €**
 - **Modificacións: - 62.209,15 €**

SEGUNDO. *Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de anuncios, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.*

TERCEIRO. *O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

CUARTO. *Publicar, unha vez aprobada definitivamente a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no taboleiro municipal de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia.”*

Aberto o debate sobre o asunto, prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén **D. Xurxo Charlín Trigo** para expor o seguinte:

“De acordo co disposto no artigo 18.2 da Lei 6/2018 do 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, de acordo co Consello de Ministros do 13 de xullo de 2018, as retribucións do persoal de servizo do sector público poderán experimentar un incremento máximo de 1,5 % respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2017 neste caso a efectos de 1 de

xullo de 2018, outro 0,25 % de incremento salarial. Co fin de atender os gastos derivados dos incrementos retributivos autorizados pola Lei 6/2018 do 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, faise necesario incrementar o crédito de aplicacións orzamentarias Capítulo I de Persoal, por un importe de 62.209,15 euros. O Orzamento municipal aprobado para o exercicio 2018, co fin de recoller os posibles incrementos na retribución expostos na Lei 6/2018 do 3 de xullo de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, consignouse crédito suficiente para o Capítulo 5 de gastos ao fondo de continxencia de execución orzamentaria, para financiar as futuras modificacións do Capítulo I de Gastos de Persoal.

Cando aprobamos o Orzamento no mes de maio estíbese negociando o Orzamento do Estado, daquela gobernaba o Partido Popular, e na Cámara xa había un borrador que estaba pendente de aprobar polo PNV, para ter a maioría na Cámara e poder aprobalo, e xa incluía a modificación do 1,5% e o 0,25%, e aínda que non estaba aprobado ese documento, si que existía ese borrador. O que fixemos, cando quixemos aprobar o Orzamento para o exercicio 2018, dotamos ese fondo de continxencia de execución orzamentaria e dotámolo dun crédito inicial de 67.869,50 euros, crédito suficiente para cubrir eses 62.209,15 euros, se ben é certo que aínda que a subida non é do 1,75%, o 1,50% tense en conta todo o ano e o 0,25% ten efectos en conta dende o 1 de xulio ata o 31 de decembro, polo tanto sería unha subida do 1,625%. Conforme co previsto na base de execución do orzamento municipal de 2018, o disposto nos artigos 179 e 180 do Texto Refundido da Lei de Facenda Local, así como nos artigos 141 e 142 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, estímase oportuna a seguinte transferencia de crédito que traemos hoxe ao Pleno para a súa aprobación. Como fixemos na anterior modificación de crédito, collemos o remanente de tesourería e dotala para as distintas partidas orzamentarias de gasto para facer fronte ao pago destas facturas, o que estamos facendo e que esta partida que creamos cando elaboramos o orzamento no mes de maio, con este fondo de continxencia de sesenta e sete mil euros ímolos repartir aos setenta e dous mil euros dentro das diferentes partidas de persoal do Concello de Cambados (Capítulo I), para que se poida facer fronte a esta subida. De feito, esta subida xa se fixo efectiva nos traballadores do Concello de Cambados, que aprobou o Consello de Ministros nos Orzamentos do Estado para o ano 2018, Lei 6/2018, o que fixemos no concello dende o departamento de persoal no orzamento de Intervención, foi facer fronte a esas cantidades porque a día de hoxe aínda hai crédito suficiente, onde nos atoparíamos con problemas sería na nómina do mes de decembro, porque o crédito iría notando paulatinamente ese incremento e hai partidas dotadas coa cantidade xusta que lle tocaba percibir en xaneiro de 2018 antes de que se aprobaran os Orzamentos do Estado para o 2018 e se aprobara ese incrementos que lle corresponde ao persoal municipal de 1,5% en todo o ano e 0,25% dende o 1 de xullo ata finais de ano. Nos o que facemos é repartir os 62.209,15 euros nas diferentes partidas e incrementamos o que lle corresponde a cada partida para poder cubrir de aquí a final de ano o crédito suficiente para que o persoal municipal poida ter crédito para facer fronte a esa subida que ven establecida la Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.”

Intervén D. Luís Aragunde Aragunde, voceiro do grupo municipal Partido Popular, para comunicar que o seu grupo municipal vaise abster da votación.

Non habendo máis intervencións, pola Presidencia procédese coa votación, acadando o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (PSOE, BNG, Somos Cambados, Cambados Pode)

Votos en contra: 0

Abstencións: 4 (PP)

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación Municipal acorda aprobar a **transferencia de créditos nº 06/2018 – incremento de retribucións a persoal LPGE 2018 co fondo de continxencia**, por maioría dos membros presentes na sesión plenaria.

EXPTE. 4683/2018.- ESCRITO DO SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL SOLICITANDO ACORDO PLENARIO S/ FIXACIÓN DE FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O ANO 2019.-

Dáse conta do escrito remitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra – Consellería de Economía, Emprego e Industria, de data 22.10.2018 (R.S. 110897 / RX 1526709, polo que, coa finalidade de coordinar o procedemento de determinación das festas de carácter local para o ano 2019, solicitan que antes do próximo 11 de novembro se lles remita proposta do Pleno da Corporación na que se determinen os dous días que para todo o termo municipal se fixen como festas locais.

Vista tamén a proposta da Alcaldía, de data 29.10.2018, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Fixar como festivos locais para o termo municipal do Concello de Cambados os seguintes días: 11 de xullo e 18 de xullo.

Segundo.- Que se remita o presente acordo á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

E non tendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta e nove minutos, estendéndose a presente minuta-borrador da acta que asina a Sra. Presidenta, de todo o que, eu, Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE